

EC 1380/21



Concello de Ordes



CONVENIO DE CESIÓN GRATUÍTA DO USO DUN BEN INMOBLE PARA A DOTACIÓN DO SERVIZO DE APARCAMENTO PÚBLICO Á IGREXA E CEMITERIO PARROQUIAL DE SANTA CRUZ DE MONTAOS.

Na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, o **CONCELLO DE ORDES**, con CIF [REDACTED], con domicilio en rúa Alfonso Senra, 108, 15680, Ordes, representado por **D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO**, ALCALDE-PRESIDENTE, con DNI nº [REDACTED], actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL).

Doutra parte, o **ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, con CIF [REDACTED], con domicilio en Praza da Inmaculada, 5, 15704, Santiago de Compostela, representada por **D. JESUS CODESIDO BEN**, DNI nº [REDACTED] en calidade de **Arcipreste de Ordes**, actuando en virtude das potestades executivas que lle atribúe o Código de Dereito Canónico.

Ambas partes nas respectivas calidades con que actúan, recoñécense mutua e recíprocamente plena capacidade legal para canto pasan a manifestar e convir.

EXPOÑEN

I.- A Igrexa parroquial de Santa Cruz de Montaos [composta dun edificio de uso relixioso máis o cemiterio parroquial] (finca catastral 7053108NH4675S0001DU) conta cunha zona de aparcamento de vehículos na súa fronte. A súa configuración rectangular delimitada por un muro de mampostería, así como a presenza de árbores de gran dimensión, fan que o aproveitamento desta zona para este uso non sexa o máis óptimo, a maiores o único punto de entrada e saída deste aparcamento é unha rampla, que é moi estreita ocasionando constantemente neste punto un efecto embude.

Como consecuencia desta situación durante os oficios relixiosos especiais (vodas, enterros, aniversarios, ...etc.), é moi habitual que as persoas que asisten a estes teñan que estacionar os seus vehículos nos arcéns da estrada N-550, onde non está permitido estacionar por crear unha inseguridade na propia vía, así como nas incorporacións a esta.

II.- Polos veciños da parroquia de Montaos solicitouse a colaboración do Concello para estudar a ampliación da zona de aparcamento da Igrexa e Cemiterio parroquial de Santa Cruz de Montaos.

III.- O Arcebispo de Santiago de Compostela ten incluído no seu inventario de bens inmobles a finca catastral 7053109NH4675S0001XU (4.813,00 m²), sita en Lg.



Concello de Ordes



ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Igrexa, Montaos, Ordes (inscrición rexistral: finca nº 4079, tomo 190, libro 46, folio 22, alta 1), que conforma o recinto da reitoral da Igrexa parroquial de Santa Cruz de Montaos, e que é colindante coa finca catastral 7053108NH4675S0001DU.

IV.- Polo Concello de Ordes co fin de atender a petición dos veciños da parroquia de Montaos, considerase que é posible proceder a ampliación desta zona de aparcamento público, nunha superficie de 460,00 m², polo lindeiro norte da finca catastral 7053109NH4675S0001XU e a carón do aparcamento existente (finca catastral 7053108NH4675S0001DU).

V.- Coa construción deste aparcamento público perséguese mellorar as condicións de acceso á Igrexa e Cemiterio parroquial, procedendo á súa ordenación, evitando as aglomeracións de vehículos na vía de servizo da estrada N-550, así como na propia estrada.

VI.- O Concello co fin de materializar esa colaboración cos veciños da parroquia de Montaos e ampliar o servizo de aparcamento público da Igrexa e Cemiterio parroquial de Santa Cruz de Montaos, polos seus servizos técnicos municipais elaborouse unha memoria técnica de obras de acondicionamento da área de estacionamento no entorno da Igrexa de Santa Cruz de Montaos, Ordes, cun orzamento de execución por contrata de **corenta e dous mil catrocentos setenta e sete euros con cinco centimos, 42.477,05 € (ive incluído)**, que comprende as actuacións seguintes:

- Demolición do peche existente polo lindeiro sur da finca catastral 7053108NH4675S0001DU **(55,50 ml)**.
- Pavimentación da zona de aparcamento público de nova creación na finca catastral 7053109NH4675S0001XU **(460,00 m²)**: Retirada de terra vexetal, sobre unha capa a base de zahorra compactada, executarase unha soleira a base de formigón armado con maiazo electrosoldado con acabado superficial pulido.
- Pavimentación dun novo acceso, dende a vía de servizo paralelo á N-550 a nova zona de aparcamento, na finca catastral 7053102NH4780N0001TG **(122,00 m²)**.
- Construción dun peche interior na finca catastral 7053109NH4675S0001XU **(49,69 ml)**, para separar e delimitar a zona de aparcamento público do resto da parcela de uso agrario.
- Construción de peche do lindeiro leste da finca catastral 7053102NH4780N0001TG **(42,40 ml)**.

VII. A colaboración do Concello de Ordes cos veciños da parroquia de Montaos enmarcase no exercicio da competencia que en materia de cemiterios lle atribúe o art. 25.2.k da Lei 7/1985, de 2 de abril.



Concello de Ordes



VIII.- O Arcebispado de Santiago de Compostela esta interesado en mellorar as condicións de aparcamento da Igrexa e Cemiterio parroquial de Santa Cruz de Montaos colaborando co Concello de Ordes, e en concreto, en ceder gratuitamente o uso da superficie de terreos necesaria para a dotación deste servizo, nas condicións que se fixan no presente acordo:

Tendo en conta o sinalado anteriormente as partes conveñen na sinatura do presente **CONVENIO DE CESIÓN GRATUITA DO USO DO BEN INMOBILIZABLE PARA A DOTACIÓN DO SERVIZO DE APARCAMENTO PÚBLICO Á IGREXA E CEMITERIO PARROQUIAL DE SANTA CRUZ DE MONTAOS**, que se rexerá polos pactos e termos que se conteñen nas seguintes estipulacións particulares.

ESTIPULACIÓNS

I.- OBXECTO e DESTINO

O Arcebispado de Santiago de Compostela cede gratuitamente, temporalmente, libre de cargas, ao Concello de Ordes o uso dunha superficie **460 m2** polo lindeiro norte da finca catastral 7053109NH4675S0001XU e a carón do aparcamento existente (finca catastral 7053108NH4675S0001DU), para a dotación do servizo sinalado no Expositivo IV.

Os terreos pertencentes ao recinto da Igrexa e Cemiterio parroquial de Santa Cruz de Montaos obxecto desta cesión serán destinados única e exclusivamente, e na súa integridade e con exclusión de calquera outro uso, a dotación dos servizos sinalados no Expositivo IV. O destino a un uso distinto será causa automática de resolución do presente convenio, podendo esixir o Arcebispado o reintegro da superficie ocupada ó seu estado orixinal, e sendo de conta do Concello os gastos que diso se deriven.

II.- PREZO

A cesión de uso que o Arcebispado de Santiago de Compostela outorga a favor do Concello de Ordes ten carácter gratuito, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e do que se estipule neste convenio.

III.- VIXENCIA, PRROGA, MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN

O presente convenio terá efectos desde a sinatura do mesmo, e terá unha duración válida ate o **31 de decembro de 2033**. Chegada a data indicada o presente convenio prorrogarase por prazos anuais salvo que calquera das partes manifestase por escrito ante a outra a súa vontade en contrario con antelación de dous meses á data en que se cumpra a vixencia inicial ou cada unha das prórrogas.

Durante a súa vixencia calquera proposta de modificación do mesmo deberá ser efectuada por escrito e asinada por ambas partes para a súa conformidade.



Concello de Ordes



O presente convenio poderá ser resolto de mutuo acorde por ambas partes. Así mesmo, calquera delas queda facultada unilateralmente á resolución, comunicándollo á outra por escrito cunha antelación mínima de dous meses, en caso de incumprimento de calquera cláusula do presente acordo.

Unha vez expirado o prazo de duración ou resolto o convenio, calquera que fose a causa, o Arcebispado poderá esixir do Concello o reintegro da superficie ocupada ó seu estado orixinal, sendo de conta do Concello os gastos que diso se deriven.

IV.- COMPROMISOS DO CONCELLO DE ORDES.

a.- O Concello de Ordes comprométese á construción desta zona de estacionamento segundo a memoria técnica redactada polos servizos técnicos municipais, previa tramitación e cumprimento necesario dos trámites establecidos na lexislación de réxime local e obtención das autorizacións sectoriais previas en materia de protección do patrimonio e estradas.

A aprobación do proxecto de obras axustarase ao establecido no art. 147.2 da Lei 1/2016, do 10 de febreiro.

b.- O Concello de Ordes deberá licitar as obras e deberá completar a construción da zona de estacionamento antes do **31 de decembro de 2024**. O incumprimento desta obriga é causa automática de resolución do convenio coa obriga de repoñer o estado da finca ó seu estado orixinal.

c.- O Concello de Ordes comprométese a manter, durante o tempo de execución das obras, así como durante o prazo de cesión, en bo estado de uso e de conservación o ben inmovible descrito neste convenio. O incumprimento desta obriga é causa automática de resolución do convenio coa obriga de repoñer o estado da finca ó seu estado orixinal.

V.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E TRANSPARENCIA.

En procura dunha relación baseada na transparencia e o diálogo, crearase unha Comisión de Seguimento, formada por representantes de ambas partes, cuxa labor será manterse informados mutuamente de todas as actuacións que afecten ao obxecto deste convenio

VI.- PROHIBICIÓN DE PARCELACIÓN URBANÍSTICA.

A cesión de uso ao Concello de Ordes dunha superficie 460 m2 polo lindeiro norte da finca catastral 7053109NH4675S0001XU para a construción dun aparcamento de uso público, así como o peche interior de delimitación de usos na parcela, ao servizo da Igrexa e Cemiterio parroquial de Santa Cruz de Montaos, en ningún caso poderá entenderse que da lugar a unha parcelación urbanística ou segregación de fincas. Formalmente a efectos urbanísticos a finca catastral 7053109NH4675S0001XU manterá a súa integridade urbanística.



Concello de Ordes



VII.- OBRIGA DE RESPETAR A CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DA PARCELA.

No suposto de que o Concello de Ordes aprobe un Plan Xeral de Ordenación Municipal, ou proceda a súa modificación, durante a vixencia do convenio, o Concello comprométese a conservar neste planeamento a clasificación urbanística do solo da actual da finca, isto é solo de núcleo rural, ou categoría similar que a substitúa, sen que se poida calificar como sistema local de espazos libres e zonas verdes. O incumprimento da presente obriga será causa automática de resolución do presente convenio.

VIII. INDEMINIZACIÓNS EN CASO DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

En caso de incumprimento por parte do Concello de Ordes dos compromisos establecidos na estipulación IV deste convenio, este virá obrigado a restituír a finca ao Arcebispo de Santiago no prazo de un mes, e a indemnizar ao mesmo polo uso da finca na cantidade de dous mil euros (2.000,00 €) por cada ano que transcorra dende a posta á disposición do Concello da finca e ate a súa efectiva restitución.

A mesma indemnización será de aplicación nos supostos de falta de restitución da finca no prazo ou condicións establecidas na estipulación terceira.

IX.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS, XURISDICCIÓN.

Calquera diverxencia que xurda en relación á interpretación e execución do contido deste convenio, resolverase, en primeira instancia, na Comisión de Seguimento. Na súa falta ou cando non fose posible alcanzar acordo entre as partes, someteranse á xurisdición Contencioso Administrativa.

En proba de conformidade co anteriormente exposto, as partes asinan o presente documento, por duplicado exemplar, no lugar e data expresadas no encabezamento.

POLO CONCELLO DE ORDES

POLO ARCEBISPADO DE SANTIAGO

Jose Luis Martínez Sanjurjo
Alcalde-Presidente

Jesús Codesido Ben
Arcipreste de Ordes

**Historial de flujo de trabajo para la instancia número: 29716
(Registro de Entrada)**

Fecha	Tarea	Nombre de usuario	Información adicional
24/05/2023 13:22:48	End	SYSTEM	Flujo de trabajo terminado.
24/05/2023 13:22:48	Combinar Mail	SYSTEM	La instancia se ha desviado a 'End'.
24/05/2023 13:22:48	Combinar Mail	SYSTEM	La instancia se ha combinado.
24/05/2023 13:22:48	Notificación RE Interna	SYSTEM	La instancia se ha desviado a 'Combinar Mail'.
24/05/2023 13:22:38	Envío Mail	SYSTEM	La instancia se ha desviado a 'Notificación RE Interna'.
24/05/2023 13:22:38	Start	SYSTEM	La instancia se ha desviado a 'Envío Mail'.
24/05/2023 13:22:38	Start	Domingo Antonio Portela López	Flujo de trabajo iniciado.